

ACTA NÚMERO 5: PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA (GRUPO A, SUBGRUPO A2), EN CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS DESCRITAS NO ARTIGO 10 DO EBEP E NO ARTIGO 23 DA LEPG

SEGUNDO EXERCICIO OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO. CUALIFICACIÓN

Na Casa do Concello de Carballo, as 09:00 do día 02/02/2026, reúnense as persoas compoñentes do Tribunal constituído o día 15/01/2026 e que está a xulgar o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de traballo de técnico/a de administración xeral, escala de administración xeral, subescala técnica (grupo A, subgrupo A2), en calquera das circunstancias descritas no artigo 10 do EBEP e no artigo 23 da LEPG.

SESIÓN DE REALIZACIÓN DO EXERCICIO. PRIMEIRA SESIÓN DE CORRECCIÓN

Asisten á sesión:

Presidencia:

- Carlos Collazo Martínez, xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.

Vogalías:

- Carmen del Río Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
- Juan Antonio Rey Rivas, tesoureiro do Concello de Carballo (a través de vídeo conferencia).
- Susana Mariño Lorenzo, xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Secretaría:

- Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello de Carballo.

Ás 10:00 h do día 05/02/2026, procedese ao chamamento das persoas aspirantes á realización deste exercicio.

Comparecen as todas as persoas opositoras que superaron o primeiro exame que son as seguintes:

APELIDOS	NOME	DNI
Fernández Núñez	Mireia	***3614**
Fraguela Gómez	Gema Paloma	***0987**
González Cardalda	José Luis	***9666**
Irigoyen Vázquez	Sergio	***5547**
Lema Álvarez	Nuria Milagros	***0189**
Pazos Sánchez	Emma	***0487**

APELIDOS	NOME	DNI
Pena Bello	Ana	***2464**
Piña Loureiro	Yolanda	***6547**
Posado Velado	Laura	***8631**
Pose Souto	Aracena	***1042**
Seijas Tuñas	Rosalía	***9074**
Suárez Pose	Sergio	***9420**
Villar Aldao	Alejandro José	***7300**
Alfonso	Serena	***9271**
Blanco Ternande	Belén	***1145**
Braña Seijo	Noemí	***7371**
Cancela Coteló	Ana María	***5343**
Dacosta González	Paula	***8218**
Espiñeira Esmorís	Estela María	***3364**

O tribunal entrega a cada aspirante unha folla de identificación, na que débense cubrir os datos persoais, e catro etiquetas identificativas cun código; o presidente do tribunal explica que unha etiqueta é para pegar na folla de identificación e no sobre; outra na primeira folla do exame e a última é para cada persoa opositora.

Dáse comezo o exame ás 10:20 minutos. Ás 12:20 h dáse por rematado o exame. Os exames recóllense e de seguido comeza a corrección do exame.

Rematado o exame o día 05/02/2026, comeza a corrección dos exercicios.

Esta sesión rematase ás 14:00 h.

SEGUNDA SESIÓN DE CORRECCIÓN

O día 11/02/2026, o tribunal reúnese ás 09:00 h na sala de xuntas do concello. A esta sesión asisten:

Presidencia:

- Carlos Collazo Martínez, xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.

Vogalías:

- Carmen del Río Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
- Juan Antonio Rey Rivas, tesoureiro do Concello de Carballo (a través de vídeo conferencia).
- Susana Mariño Lorenzo, xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Secretaría:

- Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello de Carballo.

Unha vez rematada a lectura e avaliación dos diferentes exercicios o resultado obtido é o seguinte:

ASPIRANTE/CÓDIGO	CUALIFICACIÓNS	TOTAL
SLG-6R0	Suposto 1: 2,5+1,5+1+0 Suposto 2: 0+0: 0 Suposto 3: 0+0+0.25 Suposto 4: 5+1.5	11,75
49R-OTY	Suposto 1: 3+1.75+2+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 1+0+0 Suposto 4: 0+0	8
48K-U2D	Suposto 1: 3+1.5+2+1 Suposto 2: 1+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	8.50
IH6-M74	Suposto 1: 3+0+1.25+2 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	6.25
9D5-LHD	Suposto 1: 3+1+1.25+0 Suposto 2: 0+1 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	6.25
56I-Y6K	Suposto 1: 0+0+0.25+0 Suposto 2: 0.25+1 Suposto 3: 3.5+0.5+0 Suposto 4: 5+0	10.50
HIY-6VF	Suposto 1: 3+0+2+0 Suposto 2: 0.25+0.25 Suposto 3: 1.5+0+0 Suposto 4: 5+1.5	13.50
10Z-ID4	Suposto 1: 3+1+1.75+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 5+0.5	11.25
3B3-G5Y	Suposto 1: 3+1.25+0+0 Suposto 2: 0+3 Suposto 3: 3.5+0+0 Suposto 4: 0+0	10.75
6GR-ZCU	Suposto 1: 3+1.25+1.75+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 3+0	9.25
OPP-X3D	Suposto 1: 3+0.5+2+2 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 4+0.5+0.25 Suposto 4: 0+0	12.50
AEH-BB8	Suposto 1: 3+1.75+1+0 Suposto 2: 1+0.5	15.25

	Suposto 3: 1+0.5+0 Suposto 4: 5+1.5	
7NM-ITF	Suposto 1: 3+1.25+1.5+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 1+0	7
9C8-E1Q	Suposto 1: 1.5+0.75+0+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 0+0	2.50
NA7-HAA	Suposto 1: 0+0+0+0 Suposto 2: 0+0.5 Suposto 3: 0+0+0.25 Suposto 4: 1+1	2.75
XB1-C6U	Suposto 1: 2.75+0+1.75+0 Suposto 2: 0+0.25 Suposto 3: 0.25+0+0 Suposto 4: 2+0	7
XG2-F0T	Suposto 1: 3+0+0+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 3+2.5	8.50
QGX-ODY	Suposto 1: 3+1+0.25+0.25 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 0+0+0 Suposto 4: 5+0	9.50
NIU-IP7	Suposto 1: 0.25+0+0.75+0 Suposto 2: 0+0 Suposto 3: 1.5+0+0 Suposto 4: 1+0.25	3.75

De acordo coa base 9.11 das bases reguladoras do proceso selectivo, unha vez corrixidos os exercicios por parte do tribunal publicaranse as cualificacións obtidas relacionadas co seu código; o prazo de alegacións será de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións. Transcorrido ese prazo, asignar os códigos identificativos de cada aspirante na data que se designe.

Non habendo máis asuntos que tratar a presidencia rematou a sesión ás 11:50 horas, estendéndose esta acta da que eu, secretaria, dou fe.

O presidente do Tribunal

A secretaria

ANEXO: SUPOSTOS PRÁCTICOS E RÚBRICA DE CORRECCIÓN

SUPOSTO NÚMERO 1

No Concello de Carballo unha funcionaria, cunha antigüidade de vinte e un anos, reincorporouse ao seu posto de traballo o día 23/12/2025 tras unha situación de incapacidade temporal iniciada en febreiro de 2024. A funcionaria solicita desfrutar as vacacións xeradas e non desfrutadas correspondentes aos anos 2024 e 2025. Asemade, solicita desfrutar os días de permiso que lle corresponden por asuntos particulares.

- Ten dereito ao desfrute das vacacións non desfrutadas correspondentes aos anos 2024 e 2025? Razoe a resposta. Até 3 puntos.

Aplicación do artigo 50 do TREBEP/132.5 LEPG: si, tanto as do ano 2024/2025 ao non ter transcorrido máis de 18 meses a partir do fin de ano no que se tiveran orixinado.

- E aos días de asuntos particulares dos anos 2024 e 2025? Razoe a resposta. Até 2 puntos.

Aplicación artigo 48 k) TREBEP/118 LEPG. Non se establece previsión algunha para aqueles supostos nos que unha determinada continxencia como unha incapacidade laboral impide exercer o dereito para gozar dos días por asuntos particulares o que deriva da natureza dos días asuntos particulares fronte ás vacacións (STXS Castela e León do 19/06/2018 ou STXS de Madrid, do 15/12/2016: o eventual desfrute dos días de asuntos particulares vai ligado á previa prestación de servizos); en consecuencia, o seu desfrute é proporcional ao tempo traballado. Do ano 2024 non tería dereito a ningún día ao ter rematado o prazo de eventual desfrute do día que podería corresponder a xaneiro de 2024. Do ano 2025, ten dereito aos días proporcionais ao tempo traballado.

- No caso de que a incorporación se producira procedente dunha situación de excedencia por coidado de familiares, tería dereito ao desfrute das vacacións non desfrutadas nos anos 2024 e 2025? Até 2 puntos

Artigo 89.4 TREBEP/176.6 LEPG: nesa situación so se contempla o dereito a cómputo a efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime de Seguridade Social. Durante o período de excedencia non se xenera dereito a salario nin a vacacións ao interromperse a relación de servizo. En consecuencia, polo ano 2024 non ten dereito a vacacións (caducou o período devengado de xaneiro de 2024). O ano 2025 terá dereito ao desfrute das vacacións correspondentes ao tempo traballado de forma proporcional.

- Nese suposto, de ser posible, cantos días de vacacións podería desfrutar dos anos 2024 e 2025? (até 1 punto) E de días de asuntos particulares? (até 1 punto). Razoe as respostas.

Vacacións:

No caso de excedencia por coidado de familiares tería dereito aos días de vacacións proporcionais do ano 2025 pero non do ano 2024, xa caducados (os que puido ter desfrutado ese ano de forma proporcional ao tempo traballado).

Aplicación DAd 14ª TREBEP/DAd 13ª LEPG: contemplan os días de vacacións adicionais por antigüidade (á vista da antigüidade da funcionaria corresponderíanlle 24 días hábiles de vacacións). Neste suposto, no ano 2025 traballou 9 días naturais; efectuando unha proporción: $24 \times (9/365) = 0.59$ días hábiles = 1 día hábil a desfrutar. (redondeo á alza segundo convenio do Concello de Carballo para o persoal funcionario, artigo 24.2)

Días de asuntos particulares:

Aplicación artigo 48 k) TREBEP (seis días ao ano)/118 LEPG.

Aplicación DAd 13ª TREBEP/DAd 12ª LEPG: contemplan os días adicionais de permiso por asuntos particulares.

Resolución do 28 de febreiro de 2019 da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos: incorporación día de permiso festividades laborais de ámbito nacional coincidan con sábado. Ano 2025: dous días por este motivo (01 de novembro e 06 de decembro)

A funcionaria está no seu sétimo trienio e tería dereito a dous días adicionais de asuntos particulares.

Días de asuntos: $6+2$ (adicionais)+ 2 (festivos)= 10. Año 2025 $10 \times (9/365) = 0.25 = 0$ días. Non lle correspondería ningún día do ano 2025 (redondeo a partir de 0.5 á alza: artigo 25.11 do convenio do concello de Carballo).

SUPOSTO NÚMERO 2

No mesmo concello, que ten acordada unha xornada de 35 horas semanais, un traballador social, persoal laboral fixo, solicitou o día 10/09/2023 unha redución da xornada para atender a unha persoa maior que require especial adicación. A redución solicitada e autorizada polo concello é do 80% da xornada laboral, de modo que a xornada traballada é de 7 horas a semana, en horario de martes e mércores de 11.30 a 15:00. Ese traballador, o día 05/02/2026 solicita a compatibilidade para exercer unha actividade privada (instructor de autoescola) dous días á semana, mércores e venres, en horario de 10 a 11 h.

- É correcta a autorización da redución da xornada autorizada? Razoe a resposta. Até 2 puntos.

37.6 TRET (persoal laboral) Artigo 48 h) EBEP (persoal funcionario). 106.2 a) LEPG. O EBEP amplía, con respecto ao ET, os suxeitos causantes do dereito á redución de xornada por garda legal, ao incluír o coidado directo dunha persoa maior que requira especial dedicación. Cómputo da redución de xornada e a súa distribución: o ET establece que a redución debe ser entre un oitavo e a metade da xornada de forma diaria, o EBEP non establece ningún límite máximo nin mínimo. Na regulación específica deste permiso si se fixa a redución máxima na metade da xornada, coa redución proporcional da retribución (RD 2670/1998 art.único.1).

Convenio colectivo Carballo persoal laboral: artigo 25: Redución de xornada por razón de garda legal: remite ao disposto no artigo 48.h) do EBEP e ao artigo 106.2.a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galiza.

Polo tanto, a xornada reduciuse por riba do tempo previsto legalmente (o 50% da xornada laboral).

En canto á compactación da xornada en xornadas completas: artigo 37.6 TRET: Por convenio colectivo, poderanse establecer as condicións e supostos nos que esta redución de xornada poderase acumular en xornadas completas. A falta de previsión no EBEP sobre o modo de redución de xornada parece permitir a súa acumulación en días completos sen que sexa necesaria a redución diaria. A imposibilidade de acumular a redución da xornada ha de estar motivada polas necesidades do servizo (TSJ Cataluña cont-adm 31-5-16, EDJ 152795). Por convenio colectivo ou pacto ou acordo de funcionarios pode mellorarse tal previsión e permitir a compactación en días concretos, tal e como sinalou a Audiencia Nacional na súa Sentenza 49/2015, do 23 de marzo de 2015, rec. 16/2015.

- Sería autorizable a compatibilidade solicitada? Razoe a resposta. Até 4 puntos.

Finalidade da redución de xornada para atender ao coidado de persoa que require especial atención: disposición por parte dos traballadores de máis tempo libre para coidar dos incapaces que teñan ao seu cargo. A excedencia é causal podendo producirse unha clara desvirtuación da mesma, ou, mesmo, unha fraude de lei, se se utiliza para unha finalidade totalmente distinta da prevista, como é o desempeño doutra actividade laboral. Agora ben, a xurisprudencia estableceu a posibilidade de desenvolver outro traballo coa excedencia polo coidado de familiares, pero sempre que este sexa compatible co cumprimento da súa finalidade (o coidado de familiares). (Sentenza do Xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Albacete do 31 de marzo de 2023)

Análise da Lei 53/1984:

- Artigo 1 Lei 53/1984: a segunda actividade non impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes ou compromete a súa imparcialidade ou independencia. Non existe solapamento de horarios nin coincidencia de xornadas de traballo.
- Artigo 11 Lei 53/1984: a segunda actividade non está vinculada co posto que desenvolve no concello.
- O suposto non refire datos sobre a limitación retributiva prevista no artigo 16 da Lei 53. En todo caso podería reducirse o exceso sobre o complemento específico (DA 5ª do Real Decreto-lei 20/2012/DT9ª LEPG).

Conclúese a viabilidade da compatibilidade ao estimarse que o desenvolvemento da segunda actividade descrita non desvirtúa a finalidade da excedencia nin vulnera as limitacións previstas na Lei 53/1984.

SUPOSTO NÚMERO 3

O equipo de fútbol XXXX sociedade deportiva, equipo federado non profesional, solicita ao Alcalde do Concello de Carballo lle sexa concedida unha subvención, por importe de 5.900 €, ao ter conseguido un dos seus equipos acceder a unha fase federativa de ascenso de categoría. A contía da subvención para tal evento excede do previsto nas Bases do Presuposto Xeral do Concello, que contemplaban unha contía de 5.000 € de subvención nominativa para a mesma entidade para a

celebración dun evento anual de encontros deportivos con outros clubs de Galicia da mesma modalidade deportiva, e, que, polo tanto, non era o obxecto deste suposto. Non existen bases de convocatoria de subvencións para tal tipo de eventos.

Indique se é posible a concesión da devandita subvención a tal entidade, así como o fundamento xurídico no que base a súa resposta ao Alcalde (5,5 puntos de valor máximo), e como debería, no seu caso, instrumentarse a concesión da mesma (1 punto de valor máximo), así como o procedemento orzamentario esixible (1 punto de valor máximo).

1.- Trátase dunha subvención directa, segundo o previsto no art. 22 LXS, apartado 2, letra a), de carácter nominativo. A subvención prevista nas bases do Orzamento municipal está prevista para outra finalidade diferente, segundo o esixido por tal precepto, e a contía excede o máximo previsto. Por tanto, sería imposible outorgar a dita subvención.

Non obstante, podería recomendarse á Alcaldía a modificación das Bases de Execución do Orzamento, para prever a dita subvención, sempre e cando se poida dotar crédito orzamentario ao efecto.

2.- Modificación orzamentaria, coa forma de modificación dos orzamentos.

3.- Procedemento posterior de concesión da subvención (convenio ou resolución segundo o art. 28.1 LXS e 65 RLXS).

SUPOSTO NÚMERO 4

O Alcalde de Carballo precisa conceder, a petición da Xefa de Área de Servizos Sociais Sociocomunitarios Básicos, unha serie de subvencións directas a determinadas persoas, debido á necesidade de aportar achegas para o aluguer de familias monoparentais necesitadas de axudas de emerxencia social. A urxencia da concesión das mesmas impide que se poida proceder á súa convocatoria pública nun prazo inferior aos 4 meses, sendo preciso outorgalas non máis aló de 10 días desde que o Sr. Alcalde transmite a petición ao Técnico encargado da tramitación das subvencións. Existe no Presuposto vixente crédito suficiente para o importe total a conceder.

Indique se é posible a concesión das devanditas subvencións e a súa fundamentación xurídica (5 puntos de valor máximo) e, no seu caso, o procedemento para conceder as mesmas (2,5 puntos de valor máximo).

1.- Suposto do art. 22.2.c) LXS.

2.- Procedemento posterior, de concesión da subvención (resolución segundo o art. 28.1 LXS e 65 RLXS. Necesidade da memoria do art. 67.3.a) RLXS.